

Curso de verán "ECOLOXIA E HISTORIA"

Entre os días 6 e 10 de xullo, e dentro dos cursos de verán da Universidade de Santiago, celebrou-se o curso "Ecoloxía e historia", dirixido polo profesor Joám Carmona. Este curso formaba parte da serie de encontros internacionais que baixo o mesmo título se veñen celebrando anualmente en distintas universidades co propósito de promover a difusión dun enfoque ecolóxico no ámbito das ciencias sociais.

A primeira parte do curso estivo adicada á presentación dunha panorámica xeral sobre as relacións entre ecoloxía, economía e historia na que interviñeron o profesor Diego Moreno, da Universidade de Génova, e mais Federico Aguilera Klink, da Universidade de La Laguna. Na segunda parte, presentaron-se unha man de conferencias, centradas todas elas en torno á historia do aproveitamento de dous recursos naturais como son o mar e o monte, suxeitos adoito a problemas de esgotamento. No curso, que contou cunha nutrida asistencia, participaron reputados especialistas como os profesores Mc Evoy, Albino Prada, Jesús Giráldez, Alvaro Díaz o Manuel González de Molina, o director do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, Uxío Labarta, a xeógrafa inglesa Helen Groom, ou o propio presidente de ADEGA, Ramón Varela.

EXPOSICION "AMAZONIA URXENTE".

Entre o 10 e o 30 de xuño tivo lugar en Santiago de Compostela, no Museo do Pobo Galego, a exposición AMAZONIA URXENTE, organizada polo Taller de Educación Ambiental do I.C.E. da Universidade de Santiago. Nela tivemos a oportunidade de coñecer algo mais da historia, xeografía, cultura indíxena e da actualidade deste vasto ecosistema, a través de mapas, textos, debuxos e unha importante colección de obxectos etnográficos pertencentes ás tribus indíxenas que habitan na inmensa floresta. Confiemos en que esta mostra, elaborada pola Comisión Pro-Amazonia, AEDENAT e a Aula de Ecoloxía da Área de Medio Ambiente do Concello de Madrid, constitua un paso mais no camiño de espertar e avivar unha sensibilidade dormida polos, cada vez mais flagrantes, silencios e deformacións informativos a respecto dun ecosistema -de terra e seres humanos- que está a morrer, devastado polas mans incontraladas do lucro e do interés.

BOSQUES AUTOCTONOS: O SEU VALOR INDISCUTIBEL, A SUA PROTECCION URXENTE

Durante os primeiros días do mes de Xullo deste ano celebraron-se no marco do Pazo de Mariñán, nas proximidades da Coruña, unhas Xornadas internacionais sobre a Conservación dos Bosques Atlánticos. O seu obxectivo era darlle un repaso ao status desta formación vexetal nos distintos países europeos onde está representada, é dicir, en toda a orla atlántica desde Irlanda e Gales até o norte de Portugal, así como comprobar as distintas medidas que nos diferentes países se teñen tomado ou se están a tomar para a conservación deste ecosistema que constitui o clímax biolóxico nesta área xeográfica.

Entre as conclusións cómpre resaltar a coincidencia de opinións sobre a urxencia de protexer os bosques atlánticos superviventes. Resulta chamativo comprobar como o que foi o ecosistema mais estendido na orla atlántica europea -o bosque caducifólio- se atopa hoxe reducido a unha mínima expresión e reducido a mínimos fragmentos, até o punto de que non ocupa mais aló do 1% da súa extensión orixinal.

Así como nalgúns países os fragmentos remanentes están incluídos dentro dunha Rede de espazos protexidos que garante a súa supervivencia, cal é o caso de Irlanda, Inglaterra ou País de Gales, noutros, nen sequer existe un catálogo dos mesmos que permita definir uns criterios de protección en función do seu valor intrínseco, cal é o noso caso.

Esta situación é especialmente grave, se temos en conta que no noso territorio se atopan algunhas das mellores representacións europeas superviventes deste tipo de bosques, e se consideramos que se atopan fortemente ameazadas e en perigo de desaparición por múltiples ameazas, tais como apertura de pistas, realización de novos encoros hidroeléctricos, ou substitución por árbores exóticas, nomeadamente o eucalipto.

Cómpre, por tanto, tendo en conta que o bosque atlántico é posíbelmente o ecosistema mais representativo da nosa identidade territorial, e o extremo perigo da súa destrución definitiva, tomar medidas urxentes de protección do mesmo, que comecen polo establecemento dunha Rede de áreas protexidas que inclua aqueles bosques mais extensos, mellor conservados ou mais representativos.